



A Coruña , 27 de agosto de 2021

Estimado/a afiliado/a,

Como seguro que xa sabes, a Xunta Directiva Provincial do PP da Coruña acordou o pasado 19 de xullo convocar o XVI Congreso do Partido Popular da Coruña, que se celebrará o día 25 de setembro de 2021.

O Regulamento do Congreso establece que son compromisarios/as electos os designados polas organizacións locais en asembleas convocadas para tal efecto. O reparto do número de compromisarios que lle corresponden a cada organización local foi aprobado na Xunta Executiva Provincial celebrada o día 19 de xullo.

Os afiliados/as previamente inscritos como electores que queiran exercer o dereito a presentar a súa candidatura a compromisario poden facelo cubrindo o correspondente formulario que está publicado na páxina web do Partido Popular da Provincia da Coruña (www.ppcoruña.es). Poden descargar o documento e entregalo na súa sede local ou ben envíalo vía correo electrónico á sede provincial (ppcorunya@pp.es) antes das 14 horas do día 8 de setembro

As persoas que forman parte da Xunta Directiva Provincial xa son compromisarios natos.

Unha vez rematado o prazo de inscrición dos aspirantes a compromisarios, o día 8 de setembro de 2021, terán lugar as asembleas para elección de compromisarios, que se celebrarán o día 14 de setembro. **Ditas asembleas de votación faranse só no caso de que o número de aspirantes sexa maior que o de prazas** e o horario para votar será de 17 a 21 horas.

As mesas de votación da provincia da Coruña, no caso de ser necesarias, estarán situadas nas sedes locais de cada concello. Poderanse consultar as direccións na sede provincial.

Para o correcto desenvolvemento destas votacións, cada Comité Local terá a disposición dos afiliados inscritos, como mínimo 24 horas antes da celebración da asemblea, unha papeleta na que os nomes dos candidatos a compromisario dese concello estarán ordenados alfabeticamente, a primeira letra elixirase baixo sorteo.

En cada asemblea constituirase una mesa composta por un presidente, secretario e vocal. Resultarán electos aqueles compromisarios con maior número de votos dentro da cifra asignada a dito municipio. **No suposto de que o número de candidatos a elixir coincida co de compromisarios asignados, quedarán automaticamente designados, sen necesidade de celebrar a correspondente asemblea.**

Para calquera dúbida podes contactar coa túa Sede Local ou coa Sede Provincial, chamando ó 981.223.742 ou a través do enderezo electrónico corunya@pp.es

Recibe un cordial saúdo,

Asdo. Diego Calvo Pouso
Presidente Provincial do PP de A Coruña